

ASOCIACIÓN DE PAIS E PAIS DE ALUMNOS

2.1.- PRINCIPIOS XERAIS

Definición	<p>As asociacións que constituen os pais, nais e titores nos centros docentes, terán, a efectos legais, o carácter de asociacións de pais de alumnos cunhas finalidades e estatutos específicos.</p> <p><i>artº 3 da Orde do 16 de xaneiro de 1987 (DOG 22-1-87)</i></p>
Finalidades	<ul style="list-style-type: none">• Asistir ós pais ou titores en todo aquilo que atinxe á educación dos seus fillos ou pupilos.• Colaborar nas actividades educativas dos centros.• Promove-la participación dos pais e nais de alumnos no exercicio do seu dereito a intervir en no control e xestión dos centros sostidos con fondos públicos.• Facilita-la representación e a participación dos pais de alumnos nos Consellos Escolares dos centros públicos e concertados e noutros órganos colexiados, se é o caso.• Calquera outras que, dentro da normativa vixente lle asignen os seus respectivos estatutos. <p><i>(artº 5 da Orde do 16 de xaneiro de 1987 (DOG 22-1-87))</i></p>
Actuacións en relación co centro	<ul style="list-style-type: none">• Propoñer un representante seu para formar parte do consello escolar do centro (se houbera máis dunha asociación nun centro, só a asociación máis representativa o poderá propoñer)• Elevarlle propostas ó consello escolar para a elaboración do proxecto educativo e ó equipo directivo para a elaboración da programación xeral anual.• Informar ó consello escolar daqueles aspectos da marcha do centro que consideren oportuno.• Informar ós asociados da súa actividade.• Recibir información, a través dos seus representantes no consello escolar, sobre os temas tratados nel.• Elaborar informes para o consello escolar a iniciativa propia ou a petición deste.• Elaborar propostas de modificación do Regulamento de réxime interior• Formular propostas para a realización de actividades complementarias e extraescolares que, unha vez aceptadas, deberán figurar na programación xeral anual.• Coñece-los resultados académicos referidos ó centro e a valoración que deles realice o consello escolar.• Recibir un exemplar da programación xeral anual, do proxecto educativo, dos proxectos curriculares de etapa e das súas modificacións.• Recibir información sobre os libros de texto e os materiais didácticos adoptados polo centro.